



## Guía Docente

Datos Identificativos					2014/15
Asignatura (*)	Dinámicas de comunicación e colaboración na acción socioeducativa	Código	652G03020		
Titulación	Grao en Educación Social				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6	
Idioma	CastelánGalego				
Prerrequisitos					
Departamento	Pedagogía e Didáctica				
Coordinación		Correo electrónico			
Profesorado		Correo electrónico			
Web					
Descrición xeral	<p>A materia ?Dinámicas de comunicación e colaboración na acción socioeducativa? persegue que os futuros profesionais da educación social sexan capaces atender ás diferentes perspectivas sobre a comunicación e a colaboración nos procesos de desenvolvemento da acción socioeducativa. Oriéntase pois, ao desenvolvemento de capacidades que permitan a utilización daquelas estratexias de comunicación e colaboración que mellor se adecúen a dinamización dos proxectos no marco dos contextos de intervención destes profesionais.</p> <p>Deste modo, os principais núcleos temáticos céntranse na análise, coñecemento e práctica das estratexias de colaboración, comunicación e de xestión da información para o deseño, desenvolvemento e avaliación de proxectos que se levan a cabo nos diferentes ámbitos da acción socioeducativa.</p>				

## Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación
A5	Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.
A7	Aplicar metodoloxías educativas e dinamizadoras da acción socioeducativa.
A8	Detectar factores de vulnerabilidade, de exclusión e de discriminación social que dificulten a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos
A9	Deseñar e desenvolver proxectos, programas e servizos nos diferentes campos de intervención profesional promovendo a participación e o desenvolvemento comunitario.
A10	Analizar, difundir, orientar e desenvolver procesos de promoción cultural.
A11	Observar, analizar, interpretar procesos de mediación social, cultural e educativa.
A12	Mediar en situacións de risco e conflito.
A17	Formar axentes de intervención socioeducativa e comunitaria.
A18	Dirixir e coordinar planos e proxectos socioeducativos.
A20	Desenvolver unha disposición favorable ao traballo en contornos multiculturais e plurilingüísticos.
B1	Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información.
B3	Xerar a cultura profesional colaborativa, fomentando o traballo en rede e integrándose en grupos interdisciplinares con iniciativa e responsabilidade.
B6	Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.

## Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación



Coñecer as diferentes perspectivas sobre a comunicación e a colaboración que afectan aos procesos de intervención socioeducativa.	A5 A10 A20	B1 B3	
Desenvolver técnicas, estratexias e dinámicas de comunicación en público dende a perspectiva das habilidades comunicativas e a eficacia da comunicación educativa	A7 A8 A9 A11 A12 A17 A18	B1 B6	C1
Analizar as vantaxes da colaboración e a dixitalización da comunicación na intervención socioeducativas.	A5 A7 A10 A20	B1 B3	
Utilizar diferentes estratexias de comunicación e de xestión da información no desenvolvemento de proxectos socioeducativos.	A5 A7 A10 A12 A20	B1 B3	C4
Comprender, valorar e transmitir de forma crítica a información no contexto da dinamización cultural e a intervención socioeducativa.	A5 A7 A10 A12 A20	B1 B3	C4
Aplicar diferentes estratexias de rexistro, interpretación e difusión da información no desenvolvemento da acción socioeducativa.	A5 A7 A10 A12 A20	B1 B3	C4
Asumir un compromiso ético co tratamento das novas formas de comunicación social a favor da intervención e desenvolvemento sociocomunitario.	A5 A7 A10 A20	B1 B3	C4
Coñecer diferentes estratexias de colaboración para a dinamización dos equipos de traballo na acción socioeducativa.	A5 A7 A10 A12 A20	B1 B3	C4
Desenvolver diferentes dinámicas democráticas de inclusión, representación e participación na realización de proxectos de animación sociocomunitaria.	A5 A7 A10 A12 A20	B1 B3	C4
Avaliar o sentido e funcionamento das dinámicas de comunicación e colaboración na acción socioeducativa.	A5 A10 A12 A20	B1 B3	C4

Contidos	
Temas	Subtemas



1. A linguaxe	<p>Orixe e desenvolvemento</p> <p>As diferentes linguaxes</p> <p>Ferramentas de comunicación: da linguaxe á comunicación</p> <p>O significado</p>
2. A comunicación na acción socioeducativa.	<p>Concepto de comunicación</p> <p>Fundamentos da comunicación</p> <p>A comunicación e a educación</p> <p>Axentes e elementos na comunicación educativa</p> <p>Modelos do proceso de comunicación</p> <p>A dimensión física da comunicación educativa (dimensión física do canal e contexto físico)</p>
3. Colaboración, relación e participación.	<p>Aprendizaxe colaborativa</p> <p>Dinámicas e técnicas de grupo</p> <p>A participación e o liderado educativo</p> <p>A comunicación organizacional</p> <p>A comunicación nos proxectos desenvolvidos nos ámbitos da acción socioeducativa</p>
4. As TICs e as redes	<p>As TICs e as redes como facilitadoras da comunicación e a colaboración</p> <p>Propaganda, publicidade e estratexias de mercado</p> <p>Medios de comunicación de masas e comunicación</p>
5. A educación emocional na comunicación	<p>As emocións e os sentimentos na educación. A educación emocional no ámbito socioeducativo</p> <p>A persuasión na comunicación educativa</p> <p>A intelixencia emocional e social</p> <p>O humor nas organizacións</p>
6. O liderado educativo e os estilos comunicativos	<p>O liderado educativo</p> <p>A comunicación persoal e os estilos comunicativos</p> <p>Habilidades comunicativas</p> <p>Linguaxe verbal, non verbal e paraverbal</p> <p>Dinámicas e estratexias de comunicación en público: o educador como comunicador</p>

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	21	28	49
Discusión dirixida	10	21	31
Traballos tutelados	10	40	50
Proba mixta	2	16	18
Atención personalizada	2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Na actividade de sesión maxistral traballaranse os contidos que conforman o marco teórico mediante a exposición oral, guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento.</p> <p>Realizarase unha exposición xeral introdutoria de cada un dos distintos temas de que consta o programa, indicando os aspectos que o alumnado debe ampliar co seu traballo persoal, coas oportunas orientacións bibliográficas.</p>



Discusión dirixida	Mediante esta metodoloxía abordaranse diversos temas orientados a que o alumando reflexione sobre a aplicación das distintas estratexias de colaboración, comunicación, xestión e difusión da información na dinamización cultural e o desenvolvemento da acción socioeducativa. Ten como obxecto construír unha visión crítica respecto das diferentes formas de dinamizar as accións que se levan a cabo nos distintos contextos de intervención.
Traballos tutelados	<p>En torno aos diferentes temas proporase a realización de traballos de grupo. Estas actividades iniciaranse na aula e deberán ser completados mediante o traballo autónomo do alumnado, atendendo as indicacións que se proporcionarán a través da atención personalizada do profesor aos diferentes grupos.</p> <p>Para a realización destes traballos tomaranse como referencia tanto os materiais básicos da materia así como outros complementarios. Finalmente, a través da exposición na aula, cada grupo compartirá os traballos realizados cos demais grupos.</p>
Proba mixta	A proba mixta constituirá unha actividade final da materia con carácter avaliativo a través da que o alumnado deberá dar resposta a varias cuestións facendo un tratamento global e integrado dos coñecementos adquiridos, de acordo co conxunto de contidos abordados mediante as diferentes metodoloxías de traballo empregadas no desenvolvemento da materia.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	<p>A atención personalizada que se describe en relación a estas metodoloxías concíbese como momentos de traballo presencial co profesorado da materia.</p> <p>A forma e o momento en que se desenvolverá indicárase en relación a cada actividade ao longo do curso segundo o plan de traballo da materia.</p>

### Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	<p>Para avaliar os traballos teranse en conta os seguintes aspectos:</p> <p><b>ELABORACIÓN:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estrutura: presentación, organización do contido, claridade expositiva e corrección gramatical.</li> <li>- Contido: Comprensión de ideas básicas, dominio conceptual, uso das fontes traballadas no tratamento dos contidos ao longo do cuadrimestre e relacións entre eles.</li> <li>- Coherencia entre os diferentes apartados.</li> </ul> <p><b>EXPOSICIÓN:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Relevancia, pertinencia e organización dos contidos expostos.</li> <li>- Coordinación da exposición (que reflicta un traballo colaborativo, non unha suma de partes).</li> <li>- Nivel de comprensión dos contidos básicos.</li> <li>- Claridade expositiva.</li> </ul>	60
Proba mixta	A proba mixta consistirá en dar resposta a varias cuestións que implicarán un tratamento global e integrado dos contidos abordados ao longo da materia.	40

### Observacións avaliación

<p>A avaliación contempla dúas opcións:</p> <p>Opción A. Para o alumnado que asiste/participa nas actividades de clase (asistencia mínima do 80%):</p> <p>a) Elaboración e presentación dos traballos de pequeno grupo (50%).</p> <p>b) Proba escrita sobre os contidos da materia (50%).</p> <p>Opción B. Para o alumnado que non asiste/participa nas actividades de clase (asistencia inferior ao 80%):</p> <p>a) Un exame escrito sobre os contidos da materia (100%).</p>
--



Fontes de información	
Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións	
Materias que se recomenda ter cursado previamente	
Materias que se recomenda cursar simultaneamente	
Materias que continúan o temario	
Observacións	

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías